



CIG

Boletín  
Sindical

Nº 50 - 2021

www.cig.gal

Por unha Galiza ceibe e sen explotación

# 25 de xullo, Día da Patria Galega

## A CIG chama a reivindicar os nosos dereitos como clase e como nación



A CIG, primeira forza sindical en Galiza, chama a reivindicar, nos actos que o nacionalismo convoque en Compostela o vindeiro 25 de xullo, Día da Patria Galega, o dereito das galegas e galegos a decidir por nós mesmas o noso futuro como nación e a autogobernarnos para poder vivir e traballar dignamente na nosa Terra.

A crise provocada pola covid veu agravar a crise económica na que aínda estabamos inmersos. Comarcas enteiras, nomeadamente no norte de Galiza, están en pleno proceso de desmantelamento. A chamada descarbonización e dixitalización da economía non busca o benestar, a xustiza social ou o reparto do traballo, senón aumentar a marxe de beneficios do capital, causando máis desemprego, máis desigualdades e máis pobreza laboral.

O oligopolio das empresas eléctricas segue campando ás súas anchas sen asumir os custos sociais, laborais e ambientais que causaron, e seguen a causar, mentres encabezan un novo boom especulativo ligado ás enerxías renovábeis. Máis espolio dos nosos recursos derivado da situación

de dependencia da Galiza, para que sigan saqueando o pobo galego e estragando o noso territorio.

Soben o prezo da luz malia Galiza ser exportadora de electricidade e subministradora dos recursos para que outros territorios teñan máis emprego e industria, mentres aumentan a pobreza enerxética, a emigración e as ameazas para milleiros de postos de traballo no noso país.

A acción de Feixó e do PP está contribuíndo a agravar aínda máis esta situación. A saída que teñen deseñado para a crise, servil ao poder económico, pretende facer do noso país un eucaliptal, un gran parque eólico e un enorme Camiño de Santiago, como reclamo do turismo. Un modelo que non crea emprego e que o pouco que crea é precario e temporal.

Os fondos europeos *Next Generation* van provocar máis débeda pública, máis recortes e reformas antisociais. Millóns de cartos públicos que van parar ás mesmas empresas que, grazas á reforma laboral, ameazan os postos de traballo e despiden sen piedade como está a ocorrer co Banco Santander, co

BBVA, co Grupo Inditex, co peche das centrais térmicas galegas, coas industrias electrointensivas, co sector naval, o de automoción ou o de carburantes e biocarburantes, entre outros.

### Por unha saída galega xusta

Ante esta situación a CIG leva meses mobilizándose por unha saída galega xusta e por un verdadeiro Plan de Recuperación Económica, Industrialización, creación de emprego, dereitos e servizos públicos.

Por iso fai un chamamento a participar nos actos do Día da Patria Galega, co convencemento de que é imprescindible termos soberanía para poder decidir sobre o aproveitamento dos nosos recursos e o noso modelo económico e social; diversificar as nosas capacidades produtivas e industriais; procurar un mellor equilibrio territorial e ambiental que estea ao servizo dunha rendibilidade social e non privada, evite a destrución de emprego e a emigración, consolide o respecto polos dereitos laborais e mellore as condicións de traballo e de vida do pobo galego.

# Inditex impón a dixitalización para recortar dereitos e destruír emprego

Aproveitando a pandemia da covid, o grupo Inditex pisou o acelerador do proceso de dixitalización, lanzando ao tempo unha ofensiva contra os dereitos das traballadoras e dos traballadores. Centraliza ademais a negociación colectiva co obxectivo de dificultar a participación das centrais máis reivindicativas, e valerse de CCOO e UGT para chegar a acordos que supoñen desmantelar os dereitos laborais no grupo. Pero este ataque ten a súa resposta nas mobilizacións e folgas que o persoal está realizando dende hai meses na defensa dos empregos e unhas condicións dignas, e que se estende tamén ás empresas que lle prestan servizos auxiliares.

### ERE encuberto nas tendas

Inditex ten en marcha un proceso de peches das tendas físicas que en Galicia suporá cerrar 24 establecementos. Pero estes peches non van acompañados dun plan de recolocacións con garantías de manter postos de traballo e condicións, senón que a empresa oferta vacantes en peores condicións, algunhas con xornadas ridículas de 9 horas, horarios que imposibilitan a conciliación e con traslados a outras provincias, polo que na práctica as traballadoras vense obrigadas a deixar o seu emprego.

“Parécenos ben que Inditex queira cambiar o seu modelo de negocio, pero non pode ser á conta dos nosos dereitos. Demandamos que a recolocación se faga nas mesmas condicións de ingresos, xornada, horarios e categoría e co mínimo traslado posíbel”, subliña Carmiña Naveiro, da executiva da CIG-Servizos e presidenta do comité de Zara da Coruña.

Este desmantelamento é similar ao da rede comercial de H&M pero, ao non formularse a través dun ERE, dificulta a resposta colectiva e ten un impacto mediático mínimo. Mais tamén provoca que non existan criterios de reparto de prazas obxectivos e



igualitarios, senón que as vacantes se ofertan con base no mal acordo que CCOO e UGT lle asinaron en Madrid. Deste xeito, o persoal das tendas que pechan antes teñen máis posibilidades de coller unha praza en mellores condicións que as que marchan despois, con independencia da antigüidade, xornada ou salario que tivesen.

Para Naveiro, Inditex usa esta mudanza para deixar sen efecto os acordos sociais e retributivos que as traballadoras conseguiron a través da loita “e regresar aos anos 90, cando non había ningunha mellora para o persoal das tendas nin se cumpría sequera o convenio colectivo”.

Incide en que “levamos moito tempo denunciando que as dependentas somos a parte máis castigada da empresa. Inditex aproveita a pandemia para recortar os nosos dereitos e facer o que lle peta, ninguneando completamente a representación social, mentres soben as vendas e incrementa a súa rendibilidade aforrando salarios e alugueiros”.

### Máis subcontratación

O responsábel de comercio da CIG-Servizos da Coruña, Roberto Pérez, apunta que Inditex podería recolocar o persoal afectado nos

novos postos que se van crear para a xestión da venda online “pero non llos ofrece porque non lles quere respectar as condicións polas que levan anos pelexando”. Critica que, en vez de estabilizar o emprego e ofrecer condicións dignas, o grupo “afonda na súa política de subcontratación salvaxe, xa que está externalizando todo os postos dos almacéns dixitais e dos procesos de reparto online”.

Estes axustes, engade Naveiro, aplícanse mentres Amancio Ortega embolsou case 650 millóns de euros e Inditex repartía entre os seus accionistas 1.090 millóns de euros. “Estamos falando dun reparto millonario de cartos en plena pandemia, mentres se recortan dereitos salariais, laborais e sociais ao persoal que fai posíbeis eses inxentes beneficios”, salienta.

Nesta liña, Pérez incide en que, segundo os datos da propia empresa, grazas á dixitalización Inditex está superando todos os records de vendas e neste primeiro trimestre obtivo un beneficio de 421 millóns de euros e unhas vendas de 4.942 millóns. Cifras que evidencian “que non existen motivos non organizativos, nin económicos para destruír empregos e empeorar as condicións de traballo nas tendas”.



# Veolia, un exemplo de loita contra a precarización nas contratas

Os traballadores de Veolia, contrata que realiza parte do servizo de mantemento das instalacións de Inditex en Sabón e A Laracha, sostiveron durante 20 días unha dura folga para esixir a readmisión dun compañeiro arbitrariamente despedido, o recoñecemento do dereito á subrogación e melloras retributivas das que xa goza o persoal doutras auxiliares.

Todo un exemplo de loita contra os abusos do grupo Inditex que, no marco do proceso de dixitalización, pretende precarizar as condicións de traballo nas súas contratas e así poder utilizalas como auténticas ETT das que coller persoal barato cando o precisa. A folga, explica o secretario da CIG-Industria da Coruña, Eduardo Caamaño, foi suspendida tras lograrse a recolocación do compañeiro e iniciarse unha mesa de negociación con Veolia, que a día de hoxe segue aberta.

Porén, Caamaño advirte que a loita non rematou, xa que fica pendente acadar o recoñecemento do complemento de centro de traballo (decisión que depende de Inditex), así como comprobar que os acordos se materializan de maneira positiva.

## Ofensiva contra os dereitos

As manobras de Inditex, coa conivencia das súas contratas, para evitar que o persoal consolide dereitos ou se organice na defensa dunhas condicións dignas danse en todas as empresas e fixéronse notar especialmente durante a pandemia, cando Inditex atrasou o máximo posíbel a reincorporación do persoal en ERTE (como pasou en Vero Juncal, que fai o mantemento mecánico), ordenou a rotación do persoal entre outros servizos como en SARPEL, ou directamente se executaron despedimentos pola retirada de carga de traballo, como na lavandería industrial Top Wash.

Coincide que, en todas estas auxiliares, o persoal está organizado



e loitou para conseguir melloras que agora Inditex non quere consolidar, para ter cadros de persoal nas con-

tratas submisos, sen dereitos e na inseguridade permanente sobre a continuidade dos empregos.

## O retail, en conflito polos despedidos e a incerteza no emprego

O sector auxiliar que dá servizo ao grupo Inditex –construción das tendas, mobiliario, escaparatismo, estruturas metálicas, impresión gráfica etc– tamén está sufrindo unha profunda transformación, produto, entre outras cuestións, da dixitalización. “O problema que teñen agora moitas destas empresas é que traballan practicamente en exclusiva para Inditex, algo que foi promovido pola propia multinacional, que durante anos buscou concentrar o sector para telo á súa disposición cando, onde e como quería”, explica o secretario da CIG da Coruña, Xabier Filgueira.

Unha destas compañías é KIMAK (antiga Grupo Caamaño) que xa se desfixo de todo o persoal eventual durante a pandemia ao non incorporalo aos ERTE, para a continuación comezar cos despedimentos de persoal indefinido, 23 traballadores/as até o momento. “E isto pasa cando este proceso de transformación do retail está en fase inicial”, advirte.

Unhas agresións que provocaron as primeiras mobilizacións na historia da empresa. Pois non hai que perder de vista que non existía representación sindical e só foi a partir dos ERTE por covid “cando o persoal entendeu

que tiña que organizarse para defender os seus dereitos e demandar un plan industrial para a diversificación de negocio que permita manter os postos de traballo”, sinala Filgueira.

No Grupo Cándido Hermida tamén se vive unha elevada conflictividade. Á empresa non lle tremeu o pulso para despedir 24 operarios/as alegando presuntas causas económicas. “Non é máis que unha escusa, Cándido Hermida ten tanta carga de traballo que para afrontar os pedidos está subcontratando actividade”, denuncia o secretario da FCM-CIG de Ferrol, Marcos Sánchez. Entende que, atrás desta decisión, a empresa busca desfacerse do persoal máis combativo e amedrentar os traballadores/as para así impor sen contestación os recortes laborais que xa tentou aplicar antes do comezo da pandemia e tamén durante os ERTE por covid.

Sánchez sinala que estes movementos no sector auxiliar “non pasan por casualidade. En case todas as empresas que traballan para Inditex está habendo despedimentos e modificacións das condicións laborais”, unhas medidas que considera buscan avanzar na terceirización da actividade.



# Unha reforma que non garante pensións dignas

O Goberno español, os sindicatos estatais e as organizacións patronais veñen de pactar unha nova reforma das pensións que non garante unhas contías dignas e consolida os recortes aplicados en 2011 polo PSOE, CCOO e UGT e a patronal que supuxeran unha redución xeneralizada das prestacións. Dende a CIG rexeitan tanto as formas como o fondo dun acordo que non reforza o sistema público e mantén a ampliación da idade de xubilación e do período de cálculo e a supresión na práctica da xubilación parcial.

Trátase da primeira parte dunha negociación que terá continuidade nos próximos meses, e que anticipa un novo retallamento de dereitos en base ás esixencias da Unión Europea para acceder aos fondos de reconstrución *Next Generation*. De feito, aínda que se elimina o denominado factor de sustentabilidade, acordaron que antes de rematar 2021 haberá unha nova fórmula (que chaman factor de equidade interxeracional) que busca ter efectos similares, supoñendo un novo recorte nas pensións das xeracións do *baby boom*.

A central sindical denuncia que a reforma acordada “é insuficiente



e mesmo regresiva” porque seguirá en vigor na súa integridade a “brutal reforma” de 2011 que ten levado a unha caída importante nas contías das pensións (de arredor dun 25%), xa que supuxo unha ampliación progresiva da idade de xubilación até os 67 anos e do período de cálculo (que pasou dos 15 aos 25 anos) e suprimiu na práctica a xubilación parcial.

## Igual ao salario mínimo

Con esta nova modificación non se garante o poder adquisitivo das prestacións, “xa que debera fixarse por lei que a pensión mínima sexa igual ao salario mínimo interprofesional,

e este debe de ser o 60% do salario medio, dacordo coa Carta Social Europea, revalorizable co IPC real”, tal e como sinala o secretario xeral da CIG, Paulo Carril.

“Penalizar a xubilación anticipada, atrasar máis a xubilación e fomentar a vida laboral constitúe un retroceso inxustificábel e inxusto porque demora a entrada da xente nova ao mundo do traballo, dificultando atopar un emprego”. Ademais, prexudicará a moitos sectores da clase traballadora, que ficarán condenados a prolongar a súa vida laboral en actividades penosas e de grande esforzo físico.

Por iso Carril considera que o chamado “diálogo social” amósase unha vez máis como unha vía contraria aos intereses da clase traballadora e da defensa do sistema público de pensións, ao tempo que se amosa moi crítico coas formas dun acordo que se produciu “á marxe da discusión nos ámbitos institucionais de representación onde estamos os sindicatos máis representativos, segundo os artigos 6 e 7 da Lei Orgánica de Liberdade Sindical (LOLS), que somos a CIG e máis ELA, ademais de CCOO e UGT”.

## A CIG rodea a Xunta por emprego e industria con futuro

A estación de tren, a estrada da Coruña, o campus Sur e San Lázaro foron os puntos dos que partiron, ao berro de “Feixó escoita, estamos en loita”, as catro marchas que confluíron en San Caetano para rodear o edificio da Xunta. Unha mobilización coa que, o pasado 15 de xuño, a CIG colapsou os accesos a Santiago para reclamar do Goberno Feixó unha saída galega xusta da crise, emprego digno e industria con futuro, e un cambio radical nas políticas fronte á crise.

Cunha marea de pancartas, delegadas/os dunha infinidade de sectores e empresas de todas as comarcas amosáronlle ao presidente os múltiples conflitos laborais abertos. Unha realidade que contradí a que insiste en presentar o aparello de propaganda do Goberno do PP.

A el se referiu no acto de peche da mobilización o secretario xeral da CIG, Paulo Carril, quen asegurou que o PP “poderá, coa súa maioría absoluta e co uso antidemocrático que fai das institucións e dos medios de comunicación, ocultar, mentir ou manipular sobre a actual crise e as súas graves responsabilidades, pero non nos van calar nin silenciar”.

Denunciou a destrución de emprego; o desmantelamento dos nosos sectores produtivos básicos e industrias estratéxicas e a chamada descarbonización e dixitalización da economía, que é, en realidade, unha reconversión fatal, sen ningún tipo de transición social xusta e sen alternativas de reindustrialización e de postos traballo.

Cualificou o Goberno Feixó de “auténtico cabalo de Troia” polos anuncios que está a facer sobre os proxectos europeos, porque o seu modelo impide “termos dereitos, igualdade real, empregos, industria, servizos públicos, salarios, pensións e condicións de vida dignas en Galiza”. E asegurou que un Goberno galego merecente de tal, “canto menos debería pórse á fronte, a favor, e non en contra das e dos que reclamamos outras políticas”.

Por iso concluíu que “neste momento histórico a mobilización, a solidariedade, a unidade de clase, a loita obreira, a loita social, son o camiño para avanzar na conquista dun futuro digno como clase traballadora e como pobo galego”.